

OS TERRIBLES DE DONAS

Desde 1939



UNHA AGRUPACIÓN HISTÓRICA

Claudino Sousa decide alá polo ano 1939 formar a primeira agrupación dos Terribles, un cuarteto que actúa por primeira vez na festa da Pedramoura, Donas, baixo o nome de Os Terribles de Borreiros. Este primeiro grupo estaba formada por Cesáreo Pereira (gaita e frauta), Abilio Pereira (bombo), Jesus Vesada (caixa) e o propio Claudino (gaiteiro e cabeza do grupo).

A partir das primeiras actuacións, o grupo incorpora novos instrumentos como o requinto, o clarinete ou os saxofóns soprano e alto, conformando así unha murga. Xa como Terribles de Donas, Claudino Sousa, Saladino "O Barreiro" (posteriormente relevado por Manuel "O Campanas"), Jesus Vesada, e Jose Sousa "O Ventos" conseguen unha fama considerable en Galicia e norte de Portugal coa interpretación do repertorio máis popular do momento que enriquecían con composicións propias.





UNHA AGRUPACIÓN HISTÓRICA

No ano 1954 os irmáns Antonio e Claudino Sousa, xunto a Rogelio de Pino e Manuel "O Campanas", vense na obriga de emigrar a Montevideo. Alí fundan unha nova agrupación co mesmo nome, que chegou a ter moita sona na diáspora galega da zona. Á agrupación seguirá viva tamén en Galicia ata o ano 1964, encabezada por Xosé Sousa "O Ventos", e nos últimos anos por Xaime "O Mazáns".

A súa fama deixou pegada no patrimonio inmaterial e na memoria da sociedade galega daqueles anos, compartindo traxectoria con importantes personalidades musicais como os gaiteiros de Soutelo de Montes ou Os Morenos de Lavadores. Tanto é así, que o propio Moxenas, fundador do grupo Muxicas, chegoulle a afirmar a Claudino Sousa que de pequeno púñase debaixo do palco para escoitar aos Terribles.

O RENACER DOS TERRIBLES




Á volta do ano 2004, os fillos de Claudino Sousa, Manolo e Suso Sousa, deciden lembrar o repertorio dos vellos Terribles e, xunto aos seus sobriños Xurxo e Verónica, retoman a andaina musical corenta anos despois. Manolo tivera a sorte de tocar cos primeiros Terribles ao carón do seu pai cando era moi pequeno, e grazas a esta fermosa conexión e á intensa pegada que deixou o son Terrible na familia Sousa, fóronse recuperando paseniñamente as antigas melodías do grupo.

O RENACER DOS TERRIBLES



Pouco despois do renacer do grupo, incorpórase ao proxecto Xaime Estévez, consolidándose deste xeito unha formación estable de 5 Terribles que levarían a cabo as dúas primeiras gravacións editadas: Abrollido (2009) e Pedra Moura (2011).






OS TERRIBLES DE HOXE

Na actualidade, Os Terribles contan con 3 xeracións de músicos grazas á chegada de Jaime Estévez e Adrián Fernández nos anos 2015 e 2016. A interpretación das pezas clásicas do grupo convive coa composición de novas obras, combinando así a tradición musical coas novidades do mundo de hoxe en día.



No ano 2017 a formación actual grava o terceiro disco do grupo, Alcoucer.



TERRIBLES PARA TODO

FESTAS, ROMERÍAS,
VERBENAS



CONCERTOS



VODAS E
CELEBRACIÓNS
FAMILIARES




ANIMACIÓN DE EVENTOS



PROCESIÓNS

CONCERTOS DIDÁCTICOS

GRAVACIÓNS



EN DIRECTO



PROGRAMA ALALÁ TVG



COS NOSOS
COLABORADORES



ESCOÍTANOS!
Fai clic nas imaxes

Contacto



@terriblesdedonas



Os Terribles de Donas



terriblesdedonas@gmail.com



(+34) 630 715 654

(+34) 678 659 522

